alvarellos
EDITORA

Presentación editorial

Santiago, 20 de novembro de 2007

ALVARELLOS EDITORA PUBLICA O PRIMEIRO RECEITARIO COMPLETO A BASE DE FILLOAS



- **Un libro sinxelo, práctico e variado con 50 receitas de 31 autores da comarca de Compostela que demostran que o doce máis emblemático da gastronomía galega establece unha maridaxe perfecta con todo tipo de pratos.**

- **O libro recolle as mellores elaboracións presentadas nos certames gastronómicos organizados pola Asociación "Filloas da pedra" do municipio d'A Baña.**

- ***50 recetas con filloas* pertence á colección de gastronomía "A lume lento" de Alvarellos Editora, que o pasado ano recibiu dous premios internacionais Gourmand pola obra *45 recetas con ortigas*.**

Xavier Barreiro Luces, Xosé Andrés García Cardeso, Mónica Tomé, e Henrique Alvarellos

30 aniversario 1977-2007

Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 Santiago de Compostela (GALICIA)
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52 Fax: 981 522 137

As filloas son, quizais, o doce tradicional máis famoso da gastronomía galega. A obra *50 recetas con filloas* presenta, por vez primeira no panorama editorial, un completísimo, ameno e práctico tratado culinario coa filloa como ingrediente básico.

Cincuenta receitas que demostran que as filloas de Galicia establecen unha maridaxe perfecta con todo tipo de pratos: para entrantes, cociña con carnes, peixes, e, por suposto, para un variado e suxestivo repertorio de postres.

FILLOAS Á PEDRA, EXCLUSIVAS DE GALICIA

Partindo da xenuína elaboración das filloas á pedra que se mantén viva desde hai séculos no concello coruñés de A Baña, *50 recetas con filloas* recolle as mellores elaboracións presentadas nos diferentes certames gastronómicos organizados pola Asociación "Filloas da pedra" d'A Baña, onde participan, coas súas saborosas propostas, 31 restauradores e particulares.

Algúns dos pratos que se presentan neste volume son:

- Canelóns de filloa con recheo de espinaca
- Lasagna de filloas sobre pementos do piquillo confitados, rechea de foie, champiñóns e mexillóns con salsa de vodka
- Filloas recheas de zamburiñas con salsa roquefort
- Laconburguer
- Filloas recheas de marmelada de moras con queixo do Cebreiro

Etc.

COLECCIÓN "A LUME LENTO"

Este volume forma parte da colección "A lume lento" que esta editorial botou a andar o ano pasado co libro premiado con dous Gourmand, *45 recetas con ortigas*. Trátase dunha colección moi coidada, editada a toda cor e con fotografías de todas e cada unha das receitas. O libro que hoxe se presenta

Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 Santiago de Compostela (GALICIA)
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52 Fax: 981 522 137

inclúe un limiar a cargo do Técnico Superior de Restauración e especialista en gastronomía galega, Xavier Barreiro Luces; nel repasa as orixes da filloa e detense especialmente na tradición das filloas á pedra da Baña "un arte tradicional representativo (y autóctono) de Galicia", afirma. O libro péchase cun práctico glosario sobre a filloa.

No acto de presentación, desenvolvido no Club Internacional de Prensa de Galicia, en Santiago de Compostela, participaron o alcalde da Baña, Xosé Andrés García Cardeso, a secretaria da Asociación Filloas da Pedra da Baña, Mónica Tomé; e o editor Henrique Alvarellos, e estiveron presentes algúns dos 31 autores participantes na obra. Tralas palabras, a Asociación da Baña levou a cabo unha degustación de filloas á pedra.

Ficha técnica

- **Título:** 50 RECETAS CON FILLOAS
- **Subtítulo:** El dulce más emblemático de la gastronomía gallega
- **Nº páxinas:** 122
- **Lingua:** castelán
- **PVP:** 15 €
- **Medidas:** 18x18 cms
- **ISBN:** 978-84-89323-17-9
- **Colección:** A lume lento
- **Encadernación:** tapa branda con lapelas, plastificada

30 aniversario 1977-2007
Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 Santiago de Compostela (GALICIA)
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52 Fax: 981 522 137